

ACTA NÚMERO 03/2010
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

ASISTENTES

POLA DIRECCIÓN:

D. FRANCISCO JAVIER CARAMES CASAL

D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ

D^a. ANA M^a CAPDEVILA ARGÜELLES

D^o. MARIA PARDO COROMINAS

D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO

D^a CONCEPCION LOPEZ MELENDEZ

D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

D^a. GUADALUPE GONZALEZ SOBRAL

POLA COMISIÓN DE CENTROS:

D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF

D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE

D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE

D^a. M^a TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE

D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA

D^a. DAMIANA I. GULLON DOMINGUEZ-SGPS

D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO.

D. RAFAEL LENCE GESTOSO- UGT

D.^a ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.

D^a. MANUELA FRAGOSO ULLA- SAE

D^a. YOLANDA BARCIA RODRIGUEZ-CIG

En Vigo, ás nove horas e quince minutos do día tres de maio de dous mil dez, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

1. Climatización Tomiño.
2. Liquidación vacacións persoal contratado.
3. PAC: Cómputo das actividades obrigatorias (curso IANUS, reunións organizativas) como xornada realizada.
4. PAC de Vigo: Reduccion da xornada do conductor de reforzo nos domingos e festivos.
5. Enfermaría Colmeiro Tarde: Neste momento hai dúas enfermeiras menos en relación co persoal facultativo, a maiores das baixas que quedan sen cubrir.
6. Calendarios PAC Vigo: Solicitamos os calendarios correspondentes ao período vacacional, tendo en conta que 31 de marzo xa rematou o prazo para solicitar ás vacacións.
7. Explicación sobre a denegación de días de libre disposición ao persoal vinculado do PAC de Vigo, cando, nalgúns casos, había posibilidade de substitución. En todo caso deben comunicarse a esta comisión de centro as denegacións de LDs.
8. Protocolo de actividade: Solicitamos se nos envíe o Acordo de Xestión correspondente o ano 2010. Neste Acordo está incluído o gasto farmacéutico, para o seu cálculo se divide o gasto farmacéutico entre o número de pacientes do seu cupo, o que e discriminatorio tendo en conta que hai profesionais que atenden mais pacientes que os do seu cupo (intersubstitución, prolongación, gardas...).
9. Funcionamento do programa informático que distribúe a intersubstitución. Demostración do seu funcionamento polo Servizo de Informática.

Xerencia de Atención Primaria
Vigo

Tel. 986 816 460 - Fax 986 816 471
Rúa Rosalía de Castro 21-23
36201 Vigo (Pontevedra)

PUNTO PRIMEIRO.- FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INFORMÁTICO QUE DISTRIBUE A INTERSUSTITUCIÓN. DEMOSTRACIÓN DO SEU FUNCIONAMENTO POLO SERVIZO DE INFORMÁTICA

Dona Guadalupe Gonzalez Sobral, Técnico Esp. en informática do Servizo de Informática da Xerencia, fai a demostración cun exemplo práctico do funcionamento do programa informático que distribúe a intersubstitución.

PUNTO SEGUNDO.- ROTACION ENFERMERIA PAC VIGO (COIA – BOLIVIA).

- XERENCIA: Manuel Nieto en calidade de delegado de persoal, presentou un recurso de alzada diante da Dirección RR HH por discriminación e trato de favor con dúas enfermeiras do PAC de Vigo, que actualmente prestan servizo unicamente na cabeceira de Coia, sen rotar.

A Xerencia presenta este asunto á Comisión de Centro, dado que supón un cambio na condicións de traballo das dúas profesionais.

- CIG: Solicita que se lle entregue o escrito para poder discutilo no seo da Comisión de Centro.
- CC.OO.: Solicita que na contestación da xerencia ao recurso de alzada fágase constar:
 1. Que non hai pronunciamento da Comisión de Centro. .
 2. As dúas interesadas non teñen coñecemento do tema o que supón indefensión ademais a xerencia debe dar traslado do escrito ás interesadas.

- XERENCIA: Formalmente o traslado as interesadas, entendemos que debe facelo a Dirección de Recursos Humanos a quen lle corresponde a súa resolución.

- SATSE: ¿Hai algún escrito solicitando a rotación do resto de colectivo de enfermería?.

¿ Houbo algunha queixa dos profesionais a Xerencia?

- XERENCIA: Non.
- COMISION DE CENTRO: Trataremos o tema e daremos unha resposta a Xerencia o máis axiña posible.

PUNTO TERCEIRO.- CLIMATIZACION TOMIÑO.

- XERENCIA: A obra é complexa con un orzamento de licitación de 387.000 euros, adxudícase previsiblemente a longo do mes de Maio, con un prazo de execución máximo 3 meses.

Para facilitar o desenrolo das obras, trasladarase toda a actividade do centro ó horario de mañá.

- CIG: A xerencia comprometeuse a que estivese resolto o problema. Para a Comisión de Centro a xerencia é a responsable do incumprimento.
- CC.OO.: Non é un compromiso, é un requirimento da Inspección de Traballo, ¿cal é o calendario das obras?.
- XERENCIA: O comezo depende da data de adxudicación definitiva das obras.

PUNTO CUARTO.- LIQUIDACION VACACIONS PERSOAL CONTRATADO.

- COMISION DE CENTRO: ¿Estanse negando vacacións ao persoal interino?.
- XERENCIA: Non, simplemente infórmaselles que senón as devengan totalmente descontaráselles.

PUNTO QUINTO.- PAC: CÓMPUTO DAS ACTIVIDADES OBRIGATORIAS (CURSO IANUS, REUNIÓN ORGANIZATIVAS) COMO XORNADA RALIZADA.

- COMISION DE CENTRO: As actividades obrigatorias deben computar como xornada.
- XERENCIA: O curso de IANUS considérase obrigatorio, o tratamento e distinto nas reunións.
- SATSE: Calquera actividade fora de xornada ten que ser retribuída ou compensada.
- CC.OO.: ¿Que tratamento se dá as reunións organizativas?. Se a reunión é entre a dirección e un mando (xefe de servizo, xefe de unidade, etc), compútase?-
- XERENCIA: Non se está a computar o tempo de reunións a ningún colectivo.
- CIG: Os cursos da UPRL deben ser considerados obrigatorios.
- XERENCIA: O que é obrigatorio é a oferta do curso por parte da Xerencia, non e obrigatorio para o traballador.

PUNTO SEXTO.- PAC DE VIGO: REDUCCION DA XORNADA DO CONDUTOR DE REFORZO NOS DOMINGOS E FESTIVOS.

- XERENCIA: Non houbo modificacións. Estase analizando a actividade de 18 a 22 horas.
- CEMSATSE: Cando se estudie, deberían comunicalo á Comisión de Centro

PUNTO SÉTIMO.- ENFERMARÍA COLMEIRO TARDE: NESTE MOMENTO HAI DUAS ENFERMEIRAS MENOS EN RELACIÓN CO PERSOAL FACULTATIVO, A MAIORES DAS BAIXAS QUE QUEDAN SEN CUBRIR.

- XERENCIA: Houbo un problema de comunicación polo que non se puideron adoptar as medidas necesarias.

- SATSE: A Colmeiro ténselle unha débeda de dúas enfermeiras, como mínimo ten que substituírse as cinco ao 100 %.
- CC.OO.: Subscribe o dito por SATSE.
- XERENCIA: Non é necesario substituír ó 100% de modo xeral, hai que ter en conta a actividade, o número de efectivos presentes e ausentes. Por outra parte a elevadísima taxa de IT (a mais alta de Galicia) está xerando unha gran cantidade de substitucións que pon en risco o obrigatorio axuste aos límites orzamentarios, especialmente nesta conxuntura de crises.
- CEMS: Solicita información a taxa de I.T. do persoal facultativo, sanitario e non sanitario
- CIG: Habería que analizar porque se produce a I.T.

PUNTO OITAVO.- CALENDARIOS PAC VIGO: SOLICITAMOS OS CALENDARIOS CORRESPONDENTES AO PERIODO VACACIONAL, TENDO EN CONTA QUE O 31 DE MARZO XA REMATOU O PRAZO PARA SOLICITAR AS VACACIONS.

- XERENCIA: O correspondente a Xuño enviase o longo da mañá de hoxe. Os de Xullo, Agosto e Setembro previsiblemente estarán a mediados de Maio
- CEMS: Cal foi o problema do atraso.
- XERENCIA: Quíxose facer unha confección tendo en conta todas as peticións particulares. Non foi posible e levounos a atrasos.

PUNTO NOVENO.- EXPLICACIÓN SOBRE A DENEGACION DE DIAS DE LIBRE DISPOSICION AO PERSOAL VINCULADO DO PAC DE VIGO, CANDO, NALGUNS CASOS, HABIA POSIBILIDADE DE SUBSTITUCIÓN. EN TODO CASO DEBEN COMUNICARSE A ESTA COMISION DE CENTRO AS DENEGACIONS DE LDs.

- CEMS: Houbo dous compañeiros que pediron LDs e denegáronselle.
- XERENCIA: Comentouse na reunión anterior que se lle denegaban a todos, había 12 LDs solicitados en todos os PAC no período de Semana Santa. Os LDs de Semana Santa como os que cobren son persoal de ordinaria e como estes estaban de permiso, non podían asumir as ausencias de outros. Fora de este período concreto lévanse concedido 92 días.
- CEMS: Se un compañeiro do PAC pide un LD e se denega por falta de substituto, si propón a algún compañeiro que llo faga, ¿poderíase admitir ?
- CEMS: Se unha persoa ten quen llo faga debe aceptarse.
- XERENCIA: É unha proposta para resolver excepcións non a xeneralidade.
- CC.OO.: Se hai excepcións, podemos acollernos a excepcionalidade en cada momento, deberían fixarse uns criterios.

- XERENCIA: A Comisión de Centro deberá presentar unha postura que analizaremos.
- CSI-CSIF: A excepción que ten que valorala é a Dirección.
- COMISION DE CENTRO: As denegacións deben remitirse sempre a Comisión de Centro.

PUNTO DÉCIMO.- PROTOCOLO DE ACTIVIDADE: SOLICITAMOS SE NOS ENVÍE O ACORDO DE XESTIÓN CORRESPONDENTE O ANO 2010. NESTE ACORDO ESTÁ INCLUIDO O GASTO FARMACÉUTICO, PARA O SEU CÁLCULO SE DIVIDE O GASTO FARMACÉUTICO ENTRE O NÚMERO DE PACIENTES DO SEU CUPO, O QUE É DISCRIMINATORIO TENDO EN CONTA QUE HAI PROFESIONAIS QUE ATENDEN MAIS PACIENTES QUE OS DO SEU CUPO (INTERSUBSTITUCIÓN, PROLONGACIÓN, GARDAS...).

- XERENCIA: Enviouse o acordo de xestión por correo electrónico.
Á xerencia mídenos o gasto por usuario a nivel da área, pero no acordo de xestión trasladado aos profesionais, trasladase a porcentaxe de prescrición de xenéricos e por principio activo.
- CEMS: Se na intersubstitución ves pacientes que teñen unha prescrición doutro compañeiro, ¿a quen lle figura a prescrición ?
¿A prescrición inducida do especialista?. O paciente ven con receita ou á metela no ordenador sae como prescrita polo medico de familia.
- XERENCIA: Explica o tratamento dos obxectivos do Acordo que inclúen aos médicos de Atención Especializada, cos mesmos indicadores que os de Atención Primaria.
- CIG: A culpa da prescrición non a ten só o prescriptor, habería que facer presión para que se prescriba por principio activo.
Non se ten en conta a prescrición inducida, no só do especialista senón tamén a do compañeiro ao que lle fai a intersubstitución.
Os profesionais perciben este obxectivo como unha diminución da CPV, xa que antes o incentivo ía aparte, ademais a prescrición ao ser un indicador da CPV, inflúe na carreira profesional e hai un acordo da mesa sectorial de que calquera variación en CPV debe ser consensuada co cal estase incumprindo o acordo.
- XERENCIA: A prescrición de xenéricos é un obxectivo corporativo. Outros obxectivos específicos puxéronse desde cada xerencia (simvastatina/total estatinas, Omeoprazol/ IBP) . Este ano por primeira vez ligase a CPV. A finalidade é frear o crecemento insostible do gasto farmacéutico. Os obxectivos son perfectamente cumpribles e de feito moitos profesionais os cumpren.
- CC.OO.: ¿Valorouse como ferramenta de xestión a redución ou anulación das visitas dos laboratorios aos profesionais?.

- XERENCIA: Valorouse e foi un obxectivo do P.Ado ano anterior e desbotouse por non dar resultado.

VARIOS.-

- COMISIÓN DE CENTRO: Solicitamos información das vacacións de verán.

Remata a reunión as doce horas e trinta minutos do día sinalado.